

Vida número 5 (2): anxo da garda.

Mariña tiña a cabeza ocupada esa noite. Ao día seguinte comezarían de novo as clases no seu instituto e non tiña moita gana de ir, aínda que preferira estar ocupada facendo cousas durante o trimestre que sen nada que facer. Cando non tiña nada sempre sempre pensaba cousas que non quería pensar, sobre ela, sobre o concepto de estar viva e sentirse soa e sobre o valor da vida que levaba. Escribía a Nube nos seus papeis desordenados pola mesa, de xeito que xa non sabía que fixera antes ou despois na súa vida, aínda que non tivera importancia, porque Nube non existía. Por esa mesma razón, Mariña pensaba moitas veces a parvada que facía inventando como alguén quería ter a súa vida, e deixaba de escribir a Nube.

Volvía.

E o deixaba.

Non sabía que lle sentaba mellor, pero ningunha das súas opcións fixeran que se quedara conforme co que tiña ou co que podería ter. Esa noite non puido durmir moi ben e voltou a escribir a Nube.

Esta se atopaba esperando a chegada da súa nai, que por arte de maxia podería regresar con ela despois de ano e medio. Nube colleu o walkie-talkie e díxolle a Mariña: vai onda túa nai e cóntalle as cousas. A miña pode que non volva. Tan só frotei unha lámpada.

A nena sentiu que cada vez que nomeaba algo na súa historia dáballe a volta e empezaba a valoralo máis, así que acabou tomando a decisión de asistir ao instituto con libretas para escribir ao que lle faltaba apoio por dar. É dicir, se Nube non tiña nai, Mariña procuraría comportarse mellor coa súa, xa que se encontraba nunha situación infinitas veces mellor, na que o seu valor estaba sendo desperdiciado.

Cando a rapaza espertou pola mañá xa tiña a roupa e a mochila preparada para saír ao instituto, sinal que indicaba que fora a súa nai a que fixera o esforzo de preparala, sabendo que Mariña estaría moi cansa a esas horas e despois de pasar un verán de longas horas de descanso. Fixo un intento de sorriso e anotou iso na súa mente coma algo positivo, e unha razón máis para non berrarlle á súa nai cando discutían entre elas.

Marchou á escola, e levou as libretas, para fixarse en máis cousas que poderían levarlle a un mellor modo de aproveitar a súa vida; o trato cos seus compañeiros era tamén moi importante. As alertas soaban no oído ditas por Nube, o seu anxo da garda, cando atopaba algo no que mellorar para tal vez, socializar máis. Non podía parar de pensar en que non lle resultaba molesta a ninguén, porque simplemente eles non sabían dela, só que proviña dunha familia adiñeirada e que nunca dicía nada.

A verdade é que Mariña estaba buscando ser si mesma todo o tempo, e tiña realmente moito que dicir. No momento no que entrou pola porta da súa aula veu dificultada a comunicación pola cantidade de alumnos coñecidos como “populares” que se xuntaban todos nese mesmo grupo. Ela levaba unha das libretas (si, en plural, porque escribía moito, moitísimo, máis do que falaba) na súa man esquerda e Xosé pasou ao seu carón impactando contra ela torpemente. A Mariña caeulle a escritura da páxina 23 boca arriba polo chan e foi inevitable que Xosé lera o que puña:

Ela está infravalorada. Eu a valoro, case como se fose miña. Case como se cos dedos puidera tocar os intres que a compoñen. E tan só certas persoas me fan pensar que a coñezo, e a comparto, e a conteño... ata que logo se me vai. Pero sempre está presente,

sempre ás costas de todos esperando que anhelemos a súa presenza, rexeitando o pouco esforzo que lle agasallamos cando deixo a miña última bágoa rodar... ata afogar os poros da pel e cambialos por un reflexo escuro. E o maior drama inunda todo de paredes que separan eternamente á felicidade. Infravalorada e fermosa...

Mariña non tiña unha cara triste, non parecía unha persoa con moitos problemas, polo que o neno non foi quen de comentar nada sobre iso, tan só se decatou do sentimento tan forte que transmitía e dixo:

- Deberías formar parte do xornal e redacción da escola.

Nunca oíra falar de aquilo e sentiu como un novo propósito se asomaba dende cerca. Sonou o timbre do recreo e comezou a escribir.

Mentres tanto, Nube paseaba de novo polo xardín do seu fogar, esperando que avoa trouxera a mamá. Nunca sentira tanta pasión por algo no seu mundo, algo que lle movera as partículas dos pulmóns tan forte, que quixese soplar luz. Nube facía estrañas metáforas, sabémolo, pero esa era a súa forma de expresarlle a pai a súa alegría. Seica parecía que estaba a piques de coñecer algo novo na súa vida que a cambiaría completamente, pero realmente coñecería algo do pasado, que de novo estaría con ela e devolvería a felicidade completa aos tulipáns que observaba agora Nube. O ar cheiraría a mamá.

Esa sensación gustoulle e pasou o resto do día buscándoa en diversas accións que lla produciran do mesmo modo. Intentou moitísimas cousas, unhas encaixaban máis e outras menos, unhas eran imposibles de conseguir e outras moi accesibles. Así destinou o seu tempo aquela tarde, cuestionándose por que mamá tardaba tanto en chegar.

Pai apareceu con avoa non moito tempo despois de que Nube sentara a escribir todas as cousas que fixera aquel día, e engadería á súa rutina para facela máis alegre, porque os propósitos facíanlle ben. Avoa explicou que mamá non aparecera finalmente no lugar onde debía aparecer, e preguntou en cada recuncho o porqué da súa tardanza, onde estaba e de onde viría. Dixéronlle que ía pasar moito tempo antes de que puidera chegar ao mundo de Nube, porque onde se encontraba estaba moi, moi lonxe. Pero que o que si podían facer agora mesmo era establecer comunicación por outra canle: as cartas. A primeira xa chegara, de man da mamá de Nube e para ela. Esta dicía moitas cousas bonitas á súa filla e destacaba que o máis importante para ela era saber como se encontraba e que lle pasaba, polo que desexaba que Nube lle mandara cartas explicando todas as súas preocupacións ou alegrías. Foi un cambio moi simple, no que agora mamá non estaba presente pero si agasallaba coas súas palabras ata poder estalo. Eses pequenos fragmentos de voz que viaxaban coas cartas entre mamá e Nube deixaron maravillosas pegadas no corazón de ambas as dúas, que atoparon o propósito máis grande que podían ter: sentirse escoitadas.

Mariña recolleu as súas cousas da mesa mentres a hora de lecer finalizaba, e deulle moitas máis voltas ao que lle dixera Xosé.

Pasou por conserxería a preguntar como podía formar parte daquel grupo de redactores do instituto. Non había de ter moitos integrantes, porque a seleccionaron ao momento. Déronlle un papel informativo sobre o funcionamento da actividade.

Este dicía:

Xuntámonos todas as semanas para recadar novas do instituto!

Existen varias seccións nas nosas follas: sección de novas de extraescolares, con preferencia ás deportivas e ás súas competicións, páxinas de pasatempos e debuxos, despedidas ou benvidas a novos compañeiros, cambios nas instalacións, titorías e ocorrencias de mestres e mestras, consellos para estudar ou superar problemas entre alumnos, mesmo noticias do corazón para non aborrecer... e unha bastante destacable, e que supón a estabilidade deste xornal tan imaxinativo: a sección de narrativa.

Mariña levantou as cellas ante esta, pode que fora o seu punto forte. Seguiu a ler:

Aquí tedes unha breve explicación de cada unha delas, pero no caso de haber moitas persoas traballando nunha débese distribuír o traballo entre elas. Se queres participar, apunta o teu nome nas que máis te interesen e entrega o papel no departamento de lingua galega!

Leu cada párrafo de explicación e marcou as seguintes: a sección de narrativa, a despedida ou benvida de novos compañeiros e sección de novas de extraescolares. Estas dúas últimas tan só por interese secundario, a non poder ser que a deixaran escribir relatos.

Entrou no departamento rapidamente, antes de chegar tarde á súa clase de matemáticas e atopou reunidos xa aos compañeiros do periódico, que debatían sobre como presentar a vitoria do equipo de baloncesto do instituto. Mariña petou na porta para que se voltaran a mirala e deixaran de argallar un momento.

Cando todos xiraron a cabeza, conseguiu distinguir a Xosé entre eles e saudouno cun sorriso case imperceptible. Este exclamou:

- Ola Mariña! Benvida ao grupo, xa lles contei eu aos meus compañeiros que encaixas perfectamente no perfil que nos falta, e estamos encantados de acollerte, se queres, por suposto.

Era tan amable, tan afeito a falar coa xente e animala que Mariña non sabía como responder de xeito correcto e tan só estendeu o brazo ensinando o papel no que escribira. Xosé inclinou a cabeza e sorriu ao ver os resultados.

- Sinto se te meto présa, pero xusto hoxe temos que publicar unha nova entrega e estamos rematando os detalles. Podo escribir un xustificante para as túas clases e que che de tempo a escribirmos aínda que seña un breve texto para colocar na sección.

Mariña sentiu emocións adversas, por un lado estaba ben perder as clases que menos lle gustaban, pero por outro, non sabía se lle daría tempo a escribir algo que lles puidera gustar a eles e ao resto de alumnos do centro que considerara con calidade para o xornal. Aínda así, asentiu e sentouse entre os seus compañeiros, buscando na súa libreta como introducir o seu *debut* narrativo ao público. Sabía o que lle gustaba facer, e nada máis nin menos que

Nube a levára a estar alí nese momento, que como anxo da garda encheuna de valor para facelo. Polo tanto, buscando entre os seus textos xa escritos, decidiu escribir a Nube por primeira vez para os demais. Como non sabía que interese podería ofrecerlle a eles, pois para ela era unha fonte de sustento emocional que a guiaba a tomar mellores decisións, precisaba globalizar a súa inspiración á maioría de xente presente.

Atopou o fragmento idóneo para iso, xa que para as persoas, moitas veces o mundo lles resulta incomprendible e outras veces, o mellor que lles pode rodear. Entón escolleu ese pequeno conxunto de frases que expresaban, polo menos para Mariña, como funcionaba o mundo a maioría do tempo.

Marchou para a casa sen saber que pensar, pero sentía que fixera algo produtivo, o cal xa era un avance, e decidiu contarllo aos seus pais.

Sendo as 6 da tarde do mesmo día, a cadela empezou a ladrar na porta. Non sabía se debía de ir a abrir para mirar quen se encontraba fóra ou deixar que *Menta* esgotase as súas cordas vocais con descoñecidos, que ninguén esperaba ver hoxe. Deu igual o que decidira, porque o seu pai se levantou para escoitar a esa xente e de súpeto, dous nenas e un neno entraran no cuarto de Mariña. Recoñeceunos por ser parte do equipo de redacción e sentiu un pequeno calafrío nos dedos, ata que identificou os seus xestos como algo positivo.

- Ola, Mariña, vimos a entregarte unha copia en persoa do xornal que publicamos hoxe e para que a teñas en papel.
- Noraboa tamén polo que escribiches, non paramos de recibir comentarios positivos!- dixo unha nena alta e loura que facía os debuxos xeroglíficos no xornal.

Mariña abriu a boca por primeira vez cos rapaces do grupo, sen poder conter a emoción:

- Moitas grazas, de verdade, vexo que escollín o mellor dos propósitos.

Non explicou moito máis, pero os compañeiros tampouco preguntaron do trasfondo daquela frase, tan só riron e se despediron dela deixándolle a copia do xornal sobre a mesa de estudo.

- Vémonos o luns.
- Adeus.
- Bo findee.

Fixo un xesto coa man e dun salto colleu aquel cúmulo de páxinas, do que era parcialmente creadora e sentiu orgullo.

Leu de novo o que escribira:

O mundo é un reino en todas dimensións. Vese dende todos os lados e exténdese infinitamente cara eles. As persoas somos puntos non fixos nese mundo, plasmados e abertos a todas as direccións. Polo tanto, na súa complexidade e sendo ben completo, o mundo tamén se entende e pode dividir no reino de arriba e abaixo á vez. Cando eu coñecín a Nube, personificación da miña alegría e destructora do meu caos neste mundo de

abaixo, sentín como se fusionaban e se facían un, un reino enteiro. Comprendín que o comparto con outras moitas persoas infinitas, que se finalizan unha vez, dan lugar a outros puntos no espazo, que as veces se atopan arriba, e outras, abaixo, pero se poden mover. Así é como eu explico a tristeza e a alegría nas persoas. Pero como o reino tamén se pode dividir en esquerda e dereita, ou en vertical e horizontal, ou en fraccións partidas do número pi, aprendín a atopar a alegría en Mariña e a tristeza en Nube, e non sempre ao revés. Somos incomprendidos aquí abaixo e en todas as porcións de terra, pero tamén encontramos beleza en cada aspecto do noso reino, que nunca segue un esquema.

Agora que compartira os seus pensamentos coas persoas, estiveran no punto que estiveran, sentiu que conseguira o que precisaba para iniciar o seu descubrimento sobre ela mesma: **atención.**

Vida número 5: finaliza o conflito.